

# Especial

## Día de Galicia



O sentido iniciático da ruta xacobeá é seguida por xentes de toda condición, dende anónimos camiñantes a coñecidas personalidades, entre elas as políticas

ELISEO TRIGO / EFE

## O camiño iniciático que nos achegou a Europa

**REDACCIÓN** Ferrol

Ninguén pode por en duda que o Camiño de Santiago é o primeiro nexo de unión entre os pobos europeos. Despois de Roma, Compostela é a segunda cidade en importancia para o mundo cris-

tiá. Non é polo tanto extraño que o Día de Galicia coincida precisamente coa aquela parte no noso acervo histórico, inevitablemente vinculado á tradición de séculos de peregrinaxe. Aínda que a chegada da democracia permitiu completar o escenario, tanto

dende o punto de vista institucional como político ou social, a realidade amosa unha lectura máis próxima á etnografía que aos tempos modernos. Lugar de encontro, reflexión e satisfacción, o Camiño é a máxima expresión da transcendencia galega no exte-

LUGAR DE ENCONTRO, REFLEXIÓN E SATISFACCIÓN

rior. O apóstolo Santiago permitu situar hai séculos a Galicia no mapa europeo. Hoxe faino con intensidade renovada convertendo a Compostela no punto de encontro da cultura do vello continente ao mesmo tempo que de identidade propia. ■



[www.tranviasdelferrol.com](http://www.tranviasdelferrol.com)

25 xullo *Día da Patria Galega*  
...porque somos galegos

**TRANSPORTE METROPOLITANO**

**TRANVIAS DEL FERROL**

## DÍA DE GALICIA

# O fenómeno social da cultura xacobeá

REDACCIÓN Ferrol

Desde que no 1122 o Papa Calixto II proclamara "Ano Santo Xacobeo", aqueles anos nos que o 25 de xullo, festa do Apóstolo, coincide en domingo, foron moitos os camiñantes que procedentes de tódolos recunchos de Europa chegaron a Compostela.

A peste negra do século XIV e a aparición do protestantismo produciu un gran declive no número de peregrinacións, ata case desapareceren a finais do século XVI cando, ante as ameazas de Sir Francis Drake, o bispo Torquemada ocultou o relicario do apóstolo.

Tiveron que pasar tres séculos para que os restos escondidos fosen atopados de novo. De tódolos xeitos, no foi ata hai 30 anos cando empeza a rexurdir con forza o uso das rutas xacobeas.

Isto foi posible, en primeiro lugar, grazas ao enfoque turístico incentivado pola Xunta de Galicia e tamén ao papel xogado pola Igrexa, sobre todo polo apoio das dúas visitas a Santiago do Papa Xoán Paulo II, no Ano Santo de 1982 e no encontro mundial da xuventude, en 1989.

As Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago tamén veñen facendo un labor de promoción cultural moi grande. Estas asociacións atópanse tanto en España como en outros países de Europa occidental, principalmente en países como, Inglaterra, Bélxica, Holanda e Alemaña. Todo isto é moi importante pero non abundaría senón fose polo



Un grupo de peregrinos, en pleno camiño nunha imaxe de arquivo

### A promoción turística como un dos eixos da revitalización

A revitalización da cultura xacobeá tamén foi transmitida a toda a poboación galega, sobre todo coapoteción do turismo rural nas zonas de influencia dos Camiños. Ademais, tamén se incidiu na recuperación da artesanía do Camiño de Santiago. Todo isto, xunto con outras moitas intervencións, serviron para promocionar a imaxe de

Galicia no resto de España e no estranxeiro, dando a coñecer as riquezas culturais e os valores tradicionais da peregrinación xacobeá.

De xeito paralelo, esta revitalización supuxo a oportunidade de amosar a modernidade de Galicia, como terras susceptible de investimentos. A promoción exterior levou á

creación en 1993 do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago. Trátase dun organismo consultivo para colaborar coa Xunta nun marco científico específico. Neste senso, tamén colabora o Comité Británico Pro-Xacobeo de Londres, así como as Asociacións de Amigos do Camiño de toda Europa.

impulso propiciado polas administracións.

Así, o primeiro obxectivo do

plan institucional da Xunta de Galicia para revitalizar a cultura xacobeá centrouse na rehabilita-

ción dos tramos galegos dos Camiños de Santiago que estaban en moi mal estado, a recupera-

AS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO TAMÉN VEÑEN FACENDO UN LABOR DE PROMOCIÓN CULTURAL MOI GRANDE

ción dos desaparecidos pola acción do tempo e a sinalización de tódalas rutas.

Outro dos obxectivos fixados no plan institucional da Xunta foi organizar a oferta cultural básica do Camiño de Santiago, recuperar o día da patria galega rando e poñendo en valor a riqueza monumental que se foi creando ao longo das rutas de peregrinación.

Isto obrigou á rehabilitación e restauración dun gran número de elementos arquitectónicos históricos (igrejas, capelas, hospitais de peregrinos, pontes) e etnográficos (muíños, cruceiros e fontes), ademais da sinalización e información con folletos sobre rutas, mosteiros, catedrais, poboacións...

Ao mesmo tempo foise creado unha rede de albergues públicos e gratuítos.

Ao final do Camiño Francés, no Monte do Gozo, adecuouse unha gran zona de acollida de peregrinos, un lugar no que poder sentir a proximidade de Santiago, así como da catedral e o sepulcro do Apóstolo. ■

## AS NEVES 2015

Días 4, 5 e 6 de Agosto

4

VERBENA gran orquesta e disco móvil

5

Misa solemne ás 10,11,12 e13 horas. Cantada pola Coral Airiños da Capela Sesión vermú con NUEVA GENERACIÓN Gran verbena con NUEVA GENERACIÓN Y ACHÉ

6

Misa solemne ás 13 horas. Sesión vermú con orquesta VERSALLES. Gran verbena con NUEVA GENERACIÓN Y FILADELFIA

## FESTAS CABALAR

15

Grupo Anta Triunfo

16

Grupo Pasión Nueva Generación



CONCELLO DA CAPELA

## SANTIAGO APÓSTOL 2015

Días 25 e 26 de Xullo

Misa solemne ás 13 horas. Sesión vermú con PASIÓN Gran verbena cos grupos; PASIÓN Y CAFÉ OLE

25

Misa solemne ás 13:40 horas. Sesión vermú con COMPOSTELA Gran verbena cos grupos; COMPOSTELA Y TRÉBOL

26

# Tui marca o camiño da peregrinación portuguesa

REDACCIÓN Ferrol

O Camiño Portugués en Galicia está marcado por destacadas evidencias monumentais que van máis alá do estrictamente arquitectónico ou museográfico, para converterse nun espazo privilexiado, cun dos maiores potenciais histórico-artísticos da comunidade autónoma. Pontes, capelas, santuarios, cruceiros, pazos, museos e cidades históricas van deixando na retina dos viaxeiros rexistros únicos ao longo da ruta, que nace na cidade pontevedresa de Tui e remata 115 kilómetros despois, diante do sepulcro do Apóstolo.

Os peregrinos procedentes de Portugal tiveron que cruzar durante moitos séculos o río Miño en barca para chegar a Tui.

Houbo que esperar a 1884, coa construción da Ponte Internacional, para que os viaxeiros poideran entrar a pé neste primeiro enclave galego.

Desde a ponte, comeza a desenvoverse o trazado, cara ao portuudente de Lavacuncas, que era onde se producía antano o desembarco dos peregrinos. Desde o vello porto discurre a ruta en dirección a antiga Tude, que fora núcleo urbán da Galicia romana e que pola súa situación xeográfica estratéxica reforzaría logo a súa importancia converténdose en sede episcopal.

No municipio están o monte Aloia, o primeiro lugar de Galicia declarado Parque Natural e a ci-

dade monumental, pode visitarse a igrexa románica de San Bartolomé de Rebordáns, de finais do século XI. O viaxe transcorre nun tramo pola estrada N-550 ata a capela da Virxe do Camiño.

A capela da Virxe da Guía indica a proximidade do Porriño, desde onde se inicia unha nova etapa, cun bo punto de partida no Palacio Municipal, que construíu o gran arquitecto galego Antonio Palacios. A vía atravesase pola plaza de San Sebastián e tamén pola do Concello, para chegar as inmediacións da Capela das Angustias.

Comeza logo o ascenso á capela de Santiaguño de Antas e, pasado o miliario romano de Vilar de Enfesta ou de Sanxamonde, atravesase a meseta e Chan das Pipas. Seguindo a vía romana se chega a Vilavella onde pódese visitar a Igrexa de Santiago, que remonta a súa orixe aos tempos de Gelmírez, aínda que foi reedificada.

O albergue, denominado Casa da Torre, está situado nun edificio histórico do século XVI, e está considerado como un dos principais do Camiño Portugués. Conta con 54 prazas, dúas para discapacitados. Como alternativa en turismo rural está a Casa Figueroa (Vilar de Infesta).

Á saída de Redondela encóntrase a capela das Angustias e logo de pasar a ponte do ferrocarril comeza un tramo de bosque, camiño xa de Arcade, coa illa de San Simón a esquerda e a posibi-

lidade de facer unha parada para degustar as afamadas ostras e os mellores mariscos das rías. O Camiño cruza aquí o río Verdugo pola histórica Ponte de Sampaio, onde tivo lugar na Guerra da Independencia unha das maiores derrotas do exército napoleónico. Pasada a vila de Sampaio, collendo un desvío duns 300 metros, pódese apreciar a igrexa de Santa María, do século XIII e un bo exemplo do románico rural. Andando camiño chégase a Pontevedra, que ten no santuario da Virxe da Peregrina, do século XVIII, un dos puntos de referencia para a devoción dos peregrinos. A igrexa foi concebida en 1778 polo arquitecto Arturo Souto. Ten planta en forma de vieira e un retablo da virxe obra do arquitecto Melchor de Prado, proxecto neste caso que data de 1789. Moi preto, na rúa Michelena, están as ruínas do convento de Santo Domingo (séculos XIV-XV), que foi o maior dos tempos dominicos galegos. E ao lado encóntrase a praza da Ferrería e a igrexa conventual de San Francisco, do século XIV.

Unha visita obrigada na cidade do Lérez é o Museo de Pontevedra, no que entre os seus fondos destaca a colección de ourivería prerromana, as súas salas de pintura e gravados e a sala de acibeche composteláns.

Na zona noroccidental do casco histórico está a basílica de Santa María a Grande, do século XVI efermosa arquitectura, na



Ao fondo, catedral de Santa María de Tui

que se conxugan o último gótico e as tendencias renacentistas. Preto da estación de ferrocarril, o peregrino ten o Albergue de Pontevedra, que dispón de 56 prazas. transformacións e cambios de proxecto transformaron un románico tan só visible nos brazos do cruceiro. Na súa fachada gótica é inicio deste tipo de escultura en España. A basílica ten o único claustro medieval completo que se conserva nunha catedral galega. Na plaza do Consistorio está o Museo Diocesano de Tui-Vigo.

O Camiño pasa pola rúa das

Monxas, á sombra dos muros do convento das clarisas, onde se poden mercar peixes de amendoa preparados polas relixiosas. A vila ten un albergue con 36 prazas, dúas delas para discapacitados, e está situado na rúa da Misericordia. Antes de deixar a vila, da conxunto histórico-artístico en 1967. A catedral de Santa María de Tui é obra románica e gótica, con capelas e naves engalanadas con retablos, imaxes e pinturas dos séculos XVI e XVII. Comezou a edificarse entre 1145 e 1175, seguindo pauta do modelo catedralicio compostelán. ■

REAL VILAR DE MUGARDOS

MUGARDOS

25 de xullo Día da Patria Galega

MUGARDOS

## DÍA DE GALICIA

# La aportación del camino inglés a las peregrinaciones

REDACCIÓN Ferrol

Llegaban por mar procedentes de los más diversos países. Los peregrinos europeos viajaban en barco hasta el norte peninsular para unirse a una de las rutas xacobeas, que tenía como destino el puerto de A Coruña o los de Ferrol, Neda o Mugardos.

Desde estos destinos seguían por tierra el Camino Inglés. Venían en embarcaciones de poco calado, destinadas al transporte no sólo de peregrinos, sino también de mercancías, con las que se podía acceder a puertos pequeños. El viaje era largo y dificultoso, pero la intención de llegar a Tierra Santa –bien por una ofrenda, para lograr una recompensa o saldar una penitencia– compensaba el sufrimiento. Los que utilizaban los puertos de la comarca coincidían con los romeros que procedían de San Andrés de Teixido. En Pontedeume se unían a los que utilizaban el Camino Real y además compartían ruta en Betanzos con los pe-



Capilla y entorno de San Andrés de Teixido, una de las grandes referencias para el peregrino

DANIEL ALEXANDRE

regrios que atravesaban el Camino del Norte y que entraban en Galicia por Ribadeo. En este punto, muchos caminantes tomaban una vía alternativa para llegar hasta el santuario de Nuestra Señora del Camino.

COINCIDÍAN CON  
LOS ROMEROS DE  
SAN ANDRÉS DE  
TEIXIDO

### NEDA

A orillas del río Xubia, en el término municipal de Neda, se encuentra el único albergue de la comarca, que pertenece al Camino Inglés. Se trata de un edificio de nueva construcción, en el que

pueden dormir hasta 32 peregrinos.

También dispone de dos plazas para minusválidos. En sus instalaciones alberga una cocina comedor, una sala de estar y un aparcamiento para bicicletas. ■

Cada gota é unha xoia

**A auga é un recurso natural escaso.** En Emafesa sabémolo ben. Levamos tempo investindo na rede de abastecemento para evitar perdas na subministración e mellorar a calidade da auga que chega ao teu fogar. **Cada gota é unha xoia**, por iso queremos que pagues só a que consumes e consumas só a que necesites. Depende de ti. **Pídenos consello e informáremoste.**

 **emafesa**  
EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL S.A.

Para calquera información chámamos ao 981 369 012

Estamos  
~~comprometidos~~  
con Galicia

7.088 empregados en Galicia  
traballan durante todo o ano  
polo benestar dos galegos.

Hoxe sumámonos ao Día de Galicia porque levamos esta terra dentro de nós. En Gas Natural Fenosa queremos celebrar convosco que temos un apelido galego e que somos moitos os que traballamos polo benestar desta terra dende hai moitos anos.

**Porque o importante non é o que dis, é o que fas.**

[www.gasnaturalfenosa.com](http://www.gasnaturalfenosa.com)

gasNatural   
fenosa

Feito e dito